

Revista do CPI do Feal de Narón

Nº6 2009

ATRIBO



Aqueles anos 80...

Intercentros





O ano de Darwin

**A viaxe a China
de Colorines**

**San Valentín na
Web**



Un gran inoportuno



f
i
n

SUMARIO

2 Un gran inoportuno

CIENCIA

- 4 Darwin
5 O papel da muller na ciencia
6 Un descubrimento que quita o impo!
7 A miña primeira visita ao laboratorio

MÚSICA

- 8 O Dúo Fernández & Quintá
9 A música de 2009
10 Amar pode matar
12 A Arquíña
14 Poesía
15 Testamento 2009
16 A mascota da biblioteca marchou de viaxe

18 GALERÍA

SAÍDAS

- 20 Visita a Vigo
22 Camiñada polo Eume
24 Santiago de Compostela
25 A Torre de Pisa
26 O día da Paz
27 Teatro: A area e a auga

CELEBRACIÓN

- 28 XX Certame Intercentros

30 Recunchos da nosa web: San Valentín

32 Unha charla con Rubén Golpe

33 REMATAN...

36 Rescue in the Big Dipper

DESEÑO E MAQUETACIÓN: SONIA ÁLVAREZ
DESEÑO DA PORTADA: SONIA ÁLVAREZ
DEBUXO DA PORTADA: RECUPERAMOS A PORTADA ORIXINAL DA REVISTA A ARQUIÑA DE MAIO DE 1985, XUNTO CO VELLO LOGO DE XAQUÍN MARÍN (CO ESTUDANTE E OS PAXAROS).

MAIO DE 2009

EDITORIAL

Benvidos a este novo número da nosa revista!

Un curso máis poñemos este exemplar nas vosas mans, coa satisfacción que nos dá chegar a tempo á cita.

E outra vez hai que dicir que foi grazas ao esforzo de moitos e moitas que puxeron algo do seu tempo á disposición de todos nós.

Cremos que se conseguiron chegar nestas páxinas unha morea de cousas interesantes e variadas, para todos os gustos. Ou polo menos iso agardamos: que atopedes o voso recuncho, o voso sitio na "tribo".

Este número ten algo especial, que o diferencia dos anteriores, e é que quere ser unha agarimosa homenaxe a unha antiga publicación do Feal. Trátase da Arquíña, que ben seguro traerá boas lembranzas en moitas familias. Vai pois dedicado a todos eles, a aqueles rapaces e rapazas que algún día participaron na Arquíña cos seus debuxos, historias, traballos,... Para A tribo é un orgullo ter unha antepasada tan xeitosa!

Ademais, outras das páxinas falan de algo moi importante que neste curso nos correspondeu organizar: O Certame Intercentros do concello de Narón. Felicítanos desde aquí a todos os gañadores, e tamén animamos aos alumnos e alumnas do Feal a que continúen participando nesta interesante iniciativa do noso concello.

E veredes tamén que se fai un repaso das actividades e celebracións que tivemos neste curso. Unha das máis destacables é a viaxe á China da mascota da biblioteca de Primaria e Infantil -que contaxiou da súa experiencia a todo o centro durante o Entroido-; pero houbo outras viaxes, actuacións e traballos como os dos alumnos de Ciencias ou moitas fotografías dos momentos máis relevantes...

Disfrutade moito de todo e... ata o vindeiro curso!

ESTE ANO 2009, FOI DECLARADO ANO DE DARWIN, CO GALLO DO 200 ANIVERSARIO DA DATA DO SEU NACEMENTO E DO 150 ANIVERSARIO DA PUBLICACIÓN DE "A ORIXE DAS ESPECIES". IMOS CONTARVOS UN POUCO A HISTORIA DA SÚA VIDA.

Charles Darwin naceu nunha vila de Inglaterra en 1809; foi un gran naturalista que afirmou que

todas as especies de seres vivos evolucionaron ao longo do tempo. Revolucionou o concepto que o ser humano ten de si mesmo e da súa relación coas demais especies do planeta ao establecer unha orixe común para todas elas.



Debido a estas ideas, revolucionarias para a época, foi moi criticado por diversos sectores da sociedade, especialmente pola Igrexa católica.

En 1827 deixa os estudos de Medicina e trasládase a Universidade de Cambridge para comezar a formación como pastor anglicano, que tampouco completaría, xa que pronto foi atraído por outros aspectos do coñecemento, especialmente o das ciencias naturais.

A viaxe de Darwin no BEAGLE durou case 5 anos. Darwin dedicou a maior parte do seu tempo a investigacións xeolóxicas e recompilar exemplares. Contemplou con asombro a diversidade da fauna e da flora en función dos distintos lugares e, como conclusión, puido comprender que a separación xeográfica e as distintas condicións de vida eran a causa de que as




poboacións variaran unhas doutras.

Podemos resaltar que Darwin no seu matrimonio tivo dez fillos. Dous deles morreron na súa infancia. Era moi cariñoso con eles.

A súa publicación:

"A orixe das especies" foi publicada o 22 de novembro de 1859. Fala da súa teoría sobre como os organismos evolucionan gradualmente por medio da selección natural. A súa teoría opóñase ás teorías vixentes na súa época (creacionismo e catastrofismo). As ideas presentadas por Darwin constitúen a base da bioloxía actual.



ALUMNAS DE 4º ESO DE BIOLOXÍA

O papel da muller na ciencia

As alumnas de 4º de ESO de bioloxía, fixemos esta investigación para demostrar que as mulleres teñen un papel importante na ciencia.

“Se fose costume mandar as nenas ás escolas e lles fixesen logo aprender as ciencias, como se fai cos nenos, elas aprenderían á perfección e entenderían as sutilezas de todas as artes e ciencias por igual ca eles...”

Christine de Pisan (1405). Esta frase amósanos o normal que foi durante moitísimo tempo manter ás mulleres afastadas dunha formación que nunca se lles negou aos fillos homes; pero tamén nos mostra a determinación dalgunhas delas por conseguir unha igualdade de oportunidades incluso desde a mesma formación básica.

Ao longo da historia da humanidade, existiron gran-



des mulleres que favoreceron o avance de moitos campos do saber: científicas, tecnólogas, historiadoras... teñen contribuído de forma notable ao coñecemento. A achega das mulleres á ciencia remóntase a hai 3.200 anos.

Algúns nomes de científicas internacionais

Fronte a unha clara maioría de homes, non son poucas as mulleres que xa deixaron a súa pegada no saber, mais aquí tan só queremos mencionar unha delas:

Marie Curie foi unha química e física polaca, posteriormente nacionalizada francesa. Pioneira no campo da radioactividade, foi a primeira persoa en recibir dous premios Nobel e a primeira muller en ser profesora na Universidade de París, onde viviu ata os 24 anos. En 1891, trasladouse a París para continuar os seus estudos. Fundou o Instituto Curie en París e en Varsovia. Estivo casada co físico Pierre Curie e foi nai de Irène Joliot-Curie (ambos tamén galardoados co Premio Nobel).

Algúns nomes de científicas españolas

Margarita Salas é unha bioquímica asturiana. Licenciada en Ciencias Químicas pola Universidade Complutense de Madrid, publicou máis de 200 traballos científicos. Foi discípula de Severo Ochoa, co que traballou nos Estados Unidos, despois de facelo con Alberto Sols en Madrid. Casada co tamén científico Eladio Viñuela, xuntos encargáronse de impulsar a investigación española no campo da bioquímica e da bioloxía molecular.

Un descubrimento que quita o impo!

Pitágoras declarou onte, en rolda de prensa, que, xunto coa súa irmandade, acaban de probar o teorema do triángulo rectángulo.


Pitágoras, que naceu na illa de Samos no ano 582 a.C., que viaxou a Mesopotamia e Exipto e que ao regresar a Samos fundou a Escola Pitagórica, confirmou, coa axuda da súa irmandade, o teorema do triángulo rectángulo.

Este teorema di que en todo triángulo rectángulo a suma dos cadrados dos catetos é igual ao cadrado da hipotenusa.

“Esta teoría xa era coñecida e aplicada en Babilonia e na India dende hai moito tempo, pero ninguén sabía realmente se era correcta. Eu, coa axuda da miña irmandade, tras longos anos razoando temos a proba de que é correcto”, comentábanos Pitágoras.

A Escola Pitagórica conta cun gran número de descubrimentos. Cando lles preguntamos a quen se deben, eles contestan que traballan como grupo e que non lle querían atribuír a ninguén un mérito propio.

Con respecto a dito teorema, que xa comentamos anteriormente, só nos queda dicir que será un descubrimento que se recordará durante toda a historia.



MARTÍN BECEIRO
YERAY MÉNDEZ
1º A - ESO

A miña primeira visita ao laboratorio

Eu, desde pequeno, soñaba con ser científico e traballar nun laboratorio, así que non sei se as miñas sensacións foron as mesmas cas dos meus compañeiros de clase.

A primeira impresión que me deu segundo a profe de ciencias abriu a porta do laboratorio, foi un olor diferente ao das clases, un olor... como dicilo... a laboratorio.

Conforme iamos entrando, observei caixas un pouco cómicas, porque poñían por exemplo corazón, pulmón... aínda que de mentira. Tamén había esqueletos reais (o dun ourizo), de plástico (o esqueleto humano). Tamén había unhas estanterías cheas de utensilios de metal, de cristal, botellas cheas de líquido... De súpeto, a profesora abriu unha caixa e ensinounos... un


microscopio!!; comezou a explicarnos cada unha das súas pezas, para que servían e como se debía utilizar un microscopio. Ao principio dábame medo tocarlle, tiña medo a rompelo, pero ao ver a profesora como o manexaba e observar que non era tan fráxil, a cousa cambiou.

A profesora sacou unha serie de mostras xa feitas e explicounos os pasos que había que seguir para facelas; como non tiñamos tempo para iso decidiu que o que iamos observar ao microscopio eran mostras xa preparadas (un anaco de ovario, termitas, unha vea...). Foi impresionante cando as puxemos ao microscopio, viamos como ía aumentando a imaxe a medida que iamos cambiando de obxectivo (a pena é que Elisa non nos deixou mirar co de 100, que é o obxectivo de maior aumento que teñen estes microscopios, porque nos explicou que para iso era necesario utilizar un tipo de aceite especial -chamoulle aceite de inmersión- para evitar así que a mostra se rompa cando roce co obxectivo).

A experiencia foi gratificante, divertida. Estou desexando que nos volva a levar.

MARCO RODRÍGUEZ OCAMPO

1º A - ESO



Concerto do Dúo Fernández & Quintá

O 25 de novembro de 2009, recibimos a este dúo, que ofreceron aos grupos de 2º, 3º e 4º de ESO, un concerto de música popular galega. Aquí tedes algúns datos sobre eles:

O dúo Fernández & Quintá reúne dous instrumentos que en dúo, foron uns descoñecidos na música tradicional galega:

Mentras a zanfona desaparecía despois de case nove séculos presente na cultura musical de todo o norte da península, o acordeón diatónico emerxía e cobraba protagonismo nas celebracións festivas de Galicia. Falamos de principios do século XX.

O acordeón aporta a harmonía, os baixos e unha melodía moi dinámica e a zanfona a calidez das cordas frotadas máis a percusión do bordón rítmico, unha orquestina completa con só dous músicos.

O dúo Fernández & Quintá reinterpreta músicas tradicionais, principalmente do cancionero instrumental gallego: do propio acordeón diatónico, da gaita, e do repertorio de canto. O programa complétase con composicións orixinais do Dúo basadas en ritmos tradicionais e temas adaptados doutras culturas europeas. O dúo Carlos Quintá (acordeón diatónico) e Óscar Fernández (zanfona) comenza a tocar en directo en 2005, participando no encontro de acordeóns diatónicos de Ourense, no Encontro coa Zanfona de Narón, no Inverno de 2006 en 10 salas de toda Galicia, e seis concertos dentro do ciclo 4X4.



O dúo tamén participou no ciclo de cursos didácticos na Universidad Autónoma de Barcelona, no ciclo de Músicas Portuarias de Ferrol, deu concertos na Escola de Música Tradicional de Hernani (S. Sebastian), na Escuela de Gaita y Tambor de Alberite (Logroño), na Escuela de Música Tradicional "La Quintana" de Gijón...

Carlos Quintá é un dos máis aventaxados alumnos de Pedro Pascual no Centro Galego de Música Popular, membro fundador do grupo "Grodan de Fló" e compositor indispensable no grupo "Linho do Cuco" co que ten grabado un C.D.

Óscar Fernández, membro fundador do grupo Os Cempés é autor da maioría dos arranxos e composicións dos 4 C.D.'s que editou con ese grupo e é actualmente o responsable tamén da creación e da zanfona electroacústica do trío bOnOvO, firmando tamén a maioría das composicións no seu primeiro C.D.

Ten participado en gravacións e no directo con artistas como Chouteira, Uxía, O Jarbanzo Negro, Xochilmica, Quempallou, Eclética Ensemble, e proxectos como a 1ª e a 5ª edición do festival "Cantos da Maré", o espectáculo galego-cubano realizado na Habana con motivo da Feira do Libro 2008 "Descarga ao Vivo", un C.D. conxunto con zanfonistas de toda a península xunto a Germán Díaz e Marc Egea entre outros, a banda sonora do Corto "As Muxicas" do realizador Carlos Alberto Alonso ou a música en directo do espectáculo de danza "Proxecto Zocas", da coreógrafa Mercé de Rande.

Imparte aulas de Zanfona no Centro Galego de Música Popular, na Escola Municipal de Música de Narón e no coro Cantigas da Terra de A Coruña.




A MÚSICA DE 2009



Tipo de música que más gusta




Grupos ou cantantes preferidos




Canción do momento




Mellor grupo ou cantante



Peor grupo ou cantante




Álbum más completo



Deberían poner música nas aulas?



AMAR PODE MATAR (Adriá)



Onte vín un pozo, de soidade, rabia e exilio
 onde nenos sen amor xogan ao lume do delirio
 onde podo pasear con ela tranquilo
 sorrí, sae á rúa, (que? como?)... esquece xa o suicidio
 a vida é longa, curta e pronto pra pararte
 deterte, pénsao ben antes de raíarte
 escribir hihop, e poder sentilo
 escribir o meu propio conto de amor e poder vívilo
 soño con terte, amarte e cada noite poder verte
 pero é imposible - xa o sabes - poder bicarte
 vaíamos a Marte en naves espaciaís,
 tocarte, terte, acariñarte,... son soños reais,
 eses momentos especiais, esas frases tan díspares, inertes,
 convidote a q pases ao meu forte e o repares,
 porque cando estou ao teu lado, todo se me esquece
 tumbado, deitado dígoche "quérote, miña vida"
 ministerio anuncia que "amar pode matar"
 tí es como o tabaco: matas pouco a pouco sen parar
 se non te teño nun día? probablemente me como o coco
 igual q un ionki sen xiringa poida volverse tolo
 non son deses q se flípan con tetas nín melóns
 non son deses q enchen o caderno de mil corazóns
 xq amar non é regalar unha caixa de bombóns nín kondóns
 preguntalle á miña nena as razóns das miñas accións
 cando penso en tí, kítase a fame....
 cando non estou kontigo korto veas kon reixas de arame
 xente demente, inconsciente non expresa o q sente koa
 xente decente,
 de frente, acende a túa mente
 non atopas o amor? lentes graduadas pon
 non poderán connosco nín bombas, nín trampas, nín pon-
 tes,
 nín espadas, nín cidades separadas
 vivo nun conto sen fin, nun conto de fadas...


Dúo
 mil razóns polas k o amor deixa negróns


n España / Bruno Fernández - 2009)

mil razóns polas k xogar koa sorte a varrer
 mil razóns polas k kautivar de rap os nosos korazóns
 mil razóns x escribir os nosos nomes nos rínkóns
 mil razóns para coller 2 microphones
 estas sensacións en cancións con fervor, nos teus aurícula-
 res
 se non estou kontigo, por favor rógoche q dispares

Tí es a miña vida, eu por tí morrería...
 pasan os días e a miña mente segue fría, pensando na túa
 melancolía
 en como dicírche que pronto chegará esa día, en que sexa-
 mos 1...o teu e eu
 aquí en colaboración, morro sen o teu amor
 sabes que es a dona do meu corazón, solitaria como a mala-
 ría
 fas estragos sen darte de conta de nada...
 o meu corazón está contigo, a túa alma danada e isto non
 serve de nada...
 ese día para mín o peor da miña vida...dicírche adeus para
 toda a vida
 pensar en non terte é sinónimo de morte, volver verte sería a
 luz
 que aluma o túnel, convídote a este soño do que nunca ha-
 berá un dono
 seremos tí e eu como aquela vez... todo sairá ben haberá
 máis fluidez
 ao xurármonos ser fieís,
 que todo o mundo se decate de non quero perderte...
 porque todo se fai tan difícil
 esquecer o anterior e empezar un novo conto
 no que non haxa sufrimento nín malos momentos
 onde os nosos corpos rocen o exceso...
 teño marcado no corazón todo o vívido
 é coma se me pegasen un tiro, e ao meu lado te necesito.....

Dúo





AS LETRAS GALEGAS

Os alumnos de octavo xa viñemos da excursión e volvemos ó traballo despois dunhas vacacións

Ainda que non temos ganas algo temos que inventar, pró día das letras galegas que está próximo a chegar

Alá nos anos sesenta comenceuse a celebrar, adicáronllo a Rosalía muller de moito admirar.

Dende aquela ata hoxe vintedous famosos van, agora é dosada Diéguez home de terra curense.

Neste día e nos demais debemos falar galego, pró que non morra a terrina fogar dos nosos antergos

Nº del Mar González

ILUSTRACIÓN:

Manuel



A ARQUIÑA

Cando vai saír á luz o número 6 da nosa revista, "A Tribo", chegan ás nosas mans os primeiros números de "A Arquiña".

A Arquiña era a revista que se facía no colexio do Feal alá polos anos oitenta e recollía os traballos dos alumnos e das alumnas que estudaban no noso centro.

Sabiades que Mar, a profesora de Lingua Castelá, foi alumna do Feal?...pois si. Repasando o número 5 da revista Arquiña, editado no ano 1985, atopamos un poema de Mar; era alumna de oitavo, é dicir, estaba no último curso de EXB, e formaba parte do equipo de redacción da revista que dirixía e orientaba naquel momento o Departamento de Lingua Galega.

Co permiso de Mar, publicamos agora neste número o seu poema, porque sabemos que a todos os seus alumnos lles gustará coñecelo. Ademais, pode servir tamén para que moitos de vós vos animedes a seguir colaborando cos vosos traballos para que a nosa revista sexa ano tras ano unha realidade.

GRACIÑAS, MAR!

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística



9 de Maio de 1985, Generalife, Granada.

Esta é unha fotografía dunha excursión feita a Portugal e Andalucía polo alumnado de oitavo de EXB do ano 1985. Entre o grupo de alumnos esta Mar e outros dous profesores vosos. Tamén poden estar pais ou nais dalgún de vós. Buscádeos.

Nos teus ollos
sumerxida



Aqueles momentos perfectos
Nos que as árbores bailaban
As follas camiñaban
E as flores se bícaban
Cada vez que a túa mirada,
Se sumerxía naquelas augas
Aquelas augas cristalinas
Nos que brillaba o noso amor
Cando os paxaros píaban
E quedábanse ao redor.

ROCÍO SOLER PÉREZ 4º ESO A



*No colexio do Feal
estades todos de festa,
xa vos vexo moi felices
dispoñer a miña queima.*

*Menos mal que nestes días
xa non sopra tanto o vento
pois non quero que me voe
este precioso sombreiro.*

*Non perdo máis tempo en lérias,
estade todos atentos,
agora escoitade todos
que xa fago testamento:*

*É unha pena que non leve
agora ningún paraugas,
pois quereda legarllo
a Paloma para a aula.*

*O meu dragón van herdar
os profes de Secundaria
que así non se asustarán
dos alumnos máis canallas.*

*Para os profes de Primaria
deixarei moita ilusión,
pois vexo que en inventiva*

non teñen comparación.

*Para este ano argallaron
facer chinesa esta festa...
eston moi agradecido
pois vexo que ben me senta.*

*Vin tamén que aló no patio
fixeron un bo circuito,
deixareivos aos pequenos
algúns coches bonitiños.*

*Aos maiores deixarei
máis ganas de traballar
para que non os castiguen
sen recreos pra xogar.*

*E aos que van de excursión
que sempre me piden cartos
deixarei un calcetín...
que está cheo de buratos!*

*E crédeme ben que o sinto!
Non puiden aforrar nada,
con este asunto da crise
a cousa vai apretada.*

*Dolores ben merecía
un bo sillón de relax,*

*pero tamén os mirei
e sonche caros de máis!*

*Así que para os que faltan
fun mercar a un "todo a cen";
só puiden atopar un...
convertido nun "chinés".*

*Alí encontrei agasallos
feitiños e moi baratos!
Deixarei ledos a todos
gastando moi poucos cartos!*

*Recomendo a todos tino
ao elixir presidente.
Pensade que catro anos
gobernará na súa xente.*

*E lamento moito irme
sen saber antes quen gaña,
pero non me queda tempo:
Queredes ir para a casa!*

*Prendédeme axiña lume,
que xa teño que ir ardendo,
agora que rematei
xa de facer testamento!*

COLORINES

A MASCOTA

DA BIBLIOTECA

MARCHOU DE VIAXE!!!

Biblioteca pechada ata que volva

Así comezou este curso a campaña de animación á lectura organizada polo equipo da Biblioteca de Primaria. Despois dese anuncio comezaron a chegar cartas ás aulas. A que escribía era COLORINES, que nos contaba que descubrira lendo nos libros, que era un verme de seda, e que decidira ir de viaxe ata China para coñecer mellor o país de onde era orixinaria.

A segunda carta chegou dende Venecia e xunto coa carta mandounos unha foto paseando en góndola. Contounos que descubrira a historia de Marco Polo e a Rota da Seda e que quería facer o mesmo. A seguinte misiva veu dende a mesmísima China, acompañada dunha foto na Gran Muralla. Por fin chegou o día en que a Biblioteca voltou a abrir porque COLORINES xa tiña regresado.

A Biblioteca estaba chea de paneis informativos sobre China e adornada con moitas das cousas que COLORINES trouxera de alí. Aprendemos moito sobre ese afastado país: que é o máis poboado da Terra, que escriben cuns signos moi raros que non son letras, que teñen arroz, té e soia. Posúen unha Muralla que tamén é a máis grande do mundo. Fan unhas casas de varios tellados que lles chaman pagodas...

Descubrimos tamén que o seu horóscopo é dife-





rente ao noso e que teñen unha medicina moi natural. Aprendemos que moitas das cousas que utilizamos son chinesas como a seda, a carretilla, a sombrilla, o papel, a porcelana, a pólvora, os papaventos, o ábaco, o compás para orientarnos, o tangram...

Os últimos Xogos Olímpicos celebráronse na capital de China Beijín (Pekín) e coñecemos as súas mascotas.

COLORINES non veu soa, trouxo con ela un osiño panda e tamén un gran dragón, que é moi típico na cultura chinesa. Para celebrar a súa volta vestímonos todos e todas de chineses e chinesas e fixemos A GRAN FESTA CHINESA. Había comida moi curiosa como a Gran Muralla, boliñas de dragón de arroz, pagodas ao queixo e vermiños de seda... Pasámolo moi ben e esperamos que vos gustase.

Para acompañar este proceso o alumnado do centro de Educación Primaria participou en

dous talleres un de confección de papaventos para 4º, 5º e 6º e outro de elaboración de papel reciclado para 1º, 2º e 3º. Contamos coa axuda do Concello de Narón que enviou o monitor encargado de impartir estes talleres.



GALERÍA





V i s i t a



O día 5 de novembro de 2008, o alumnado de 4º de ESO fixo unha excursión a Vigo.

A mañá:

En primeiro lugar fomos á PSA-Peugeot Citroën. Cando entramos, leváronnos a unha sala na que nos mandaron poñer unhas batas, chalecos reflectantes para que todos nos puidéramos ver ben, punteiras que no caso dun atrapamento protexerían os nosos pés (xa que levaban un reforzo de ferro) e unhas gafas para protexer os ollos das chispas producidas polas máquinas. Cando rematamos de prepararnos, veu outro empregado para falarnos algo da empresa. Polo que nos contou, a empresa ten un importante compromiso co medio ambiente. Collen a auga dun río próximo que está en mal estado, depúran, utilízana para o que precisen dentro da fábrica e logo devólvena o 50% máis limpa do que a colleron. Ademais, nesa fábrica non se tira nada, recíclano todo. Na nave de pintado dos vehículos, despréndense moitos gases prexudiciais para o medio ambiente, pero esta empresa pensou en todo, levan os gases por uns condutos ata chegar a un forno incinerador que queima as partículas. O representante da fábrica tamén nos dixo que se estaban producindo 1.850 coches ao día (na súa maioría para a exportación cara a Europa) e que hai máis de 10.000 empregados.



a V i g o

Cando rematou a charla, a nosa guía Mónica levounos a ver todo o proceso de fabricación dos coches agás a nave de pintura (debido aos gases que se desprenden). Na primeira nave soldaban as pezas dos coches sen as portas, porque elles moito máis fácil traballar sen elas. Os robots que soldaban eran enormes e estaban rodeados por barras de seguridade. Na segunda nave colocábanse os teitos, os capós, as portas e os motores (que se introducían na carrozaría pola parte de abaixo). Un dos modelos que estaban montando era o antigo Xsara, para enviar en barco a Francia xa que alí deixou de fabricarse. Na terceira nave colocaban os cristais e o acabado interior e finalmente facían un control xeral do funcionamento dos coches. Unha vez rematado o percorrido, regresamos á sala inicial, quitamos as vestimentas e marchamos camiño do autobús para ir a comer.

ROCÍO LOURIDO DÍAZ (4º A - ESO)

A tarde:

Cando iamos comer, tivemos un pequeno accidente cun señor que se puxo un pouco tolo porque lle estragamos o seu vello coche, pero a culpa foi súa. Alí estivemos todos un bo rato dentro do bus, aínda que se fixo ameno porque riamos coa situación.


Por fin chegamos a un centro comercial para comer, e despois de un par de horas libres, collemos de novo o bus para ir ao Museo do Mar. Cando chegamos, xa estaban alí as monitoras -unha

máis agradable que a outra- e a verdade, todos esperabamos ver máis peces e menos charlas. Creo que se nos fixo un pouco aburrido a todos, pero por exemplo aprendemos algo de mareas, correntes, costas, barcos, técnicas de pesca, conserveiras... e tamén vimos unha lonxa antiga, restos dun castro e un pequeno acuario.

Despois da visita ao museo, aínda pasamos polo parque de O Castro no máis alto da cidade, que tiña unhas vistas preciosas de Vigo. Estivemos observando todo o que por alí había e cada recuncho que mirabamos era máis bonito que o anterior. Creo que me gustou máis que o Museo do Mar, quizais porque non esperaba ir a ese lugar.

Despois xa collemos o bus para volver a casa y ao chegar ao Feal xa estaban todos os pais esperándonos. A excursión foi perfecta, cos seus máis e os seus menos, pero encantoume!!

LORENA DÍAZ LORENZO (4º A - ESO)



Os departamentos de Ciencias Naturais e Educación Física, decidiron levarnos aos alumnos de 3º da ESO de excursión no mes de novembro, despois de moito pedirlle que nos sacaran do cole.

3º ESO DIVERSIFICACIÓN

**Camiñada polas
fragas do Eume**



Sáímos do colexio acompañados de Dolores (a directora) sobre as nove da mañá. Mentres uns durmían outros xogaban ás cartas (mentiroso) aínda que o traxecto foi curto deunos tempo a todo.

Víctor e Elisa estaban almorzando (e non invitaron, que tacaños!!!) no bar que hai ao principio das fragas do Eume.

De contado chegou o guía que nos ía acompañar durante a primeira etapa da camiñata; deunos unhas explicacións do que íamos ver, que por certo, non vimos nada. Comezamos a nosa andaina polo camiño de pescadores; Víctor ía diante e as profesoras ao final e claro!! Subimos ata o Mosteiro de Caaveiro e claro as últimas en chegar foron Dolores e Elisa, descartando a Víctor que foi observar un camiño de volta polo que ao final non se puido pasar.

Comemos no Mosteiro e ás catro máis ou menos, o grupo de Víctor empezou a camiñar, máis ben a correr, e as profesoras e algunhos alumnos quedamos atrás; chegamos a estrada e dixeron que levaban trinta minutos esperando por nós (que esaxerados). Cando empezamos a andar pola estrada tamén comezaron a irse o grupo de Víctor (parecían que ían correndo unha maratón).

Chegamos ao local das Fragas e vimos un vídeo; despois mentres non viña o autobús e para matar o tempo uns xogamos ás cartas, outros falaban, outros andaban por alí e un can ladra que te ladra. Ás cinco e media collemos o bus de volta ao colexio con chegada máis ou menos ás seis da tarde. Pasámolo ben, tanto que lle pedimos ao noso titor Víctor, que nos volvесе a levar; aínda estamos agardando a súa resposta.



Santiago de Compostela

O mércores 12 de novembro fomos a Santiago de Compostela. Fomos con dous títores, Alicia e Xosé Manuel. Ademais tamén foron sobre 40 nenos de sexto de Primaria. Alí visitamos a Televisión de Galicia, o Parlamento, o Burgo das Nacións, a Catedral de Santiago e o Palacio de Fonseca.

Na Televisión de Galicia vimos algúns platós e contáronnos moitas cousas sobre como se gravaban os programas e as escenas.

No Parlamento faláronnos sobre os deputados e os presidentes. Tamén estivemos na “Sala dos Reis” e no “Hemiciclo”. Eu paseino bastante ben alí; sobre todo aprendín moito.

Cando saímos do Parlamento fomos comer ao Burgo das Nacións que é un sitio onde os estudantes comen e algúns teñen unha habitación para quedarse a durmir se non teñen piso. Despois de comer, xogamos nunha praza que había diante do comedor.

Logo leváronnos á Catedral de Santiago, que aínda que eu xa a visitara bastantes veces, gustoume moito. Cando estabamos dentro, pasamos por uns pasadizos polos que podías ver diferentes cousas dependendo de en cal te meteras. Por exemplo, nun había unha especie de caixa na que se gardaban os restos do Apóstolo Santiago.

Cando saímos da Catedral de Santiago fomos ao Palacio da Fonseca. Alí ensináronnos moitas clases de vexetais e de onde víñan.

A min os sitios que máis me gustaron foron a Televisión de Galicia e o Parlamento porque a Catedral de Santiago xa a vira moitas veces e o Palacio da Fonseca gustoume, pero estaba tan, tan cansa que o primeiro banco que vía xa me quería sentar nel, e iso non só eu, senón que case todos os nenos do meu grupo tamén o facían e o peor de todo era a dor nos pés.

No fondo eu paseino moí, moí ben pero esquecín dicírvos que fomos no bus e... ¡había un balbordo tremendo!

Marina Laura Filgueira Martínez, 6º B



Pisa é unha cidade italiana. É famosa polo seu patrimonio artístico.

A Torre de Pisa ten 7 pisos e está moi inclinada...

Fun de viasce con meus pais a Pisa.

O que menos me gustou

é que tiveren que pagar

30 € para ir ao baño!


as entradas eran a 5€ e cá

Torre campanile non podían subir menores de 8 anos.

¡Que fastidio!

Pero paseinos

moi ben!




Gabriel Pardo - 2º B



O día da Paz

O trinta de xaneiro, todo o alumnado de Primaria celebrou o día da PAZ. Fomos ao pavillón e lemos poesías moi bonitas sobre a paz. Logo cantamos todos xuntos a canción “No dudaría”. Foi moi divertido. Tamén fixemos unhas cometas. Pasámolo moi ben, pero a paz temos que procurala tódolos días para que todo o mundo viva feliz.





A AREA E A AVGA

O día 30 de Outubro saímos ó teatro. A obra titulábase "A area e a auga". Había catro personaxes: Lili, Lola, Lulo e Lalo. Lili e Lola vivían a un lado da parede e Lalo e Lulo ó outro lado. Tiraron unha pelota, descubriron que eran veciños e fixéronse moi amigos.

Rimaron moito e pasámonlo chachi!

LIDIA AMADO RODRÍGUEZ 2º B
ALEJANDRO LÓPEZ MATUSZCZAK 2º B

LETRAS GALEGAS 2009

XX CERTAME INTERCENTRO



O venres 15 de maio, clausuramos no Auditorio Municipal de Narón, a vixésima edición do Certame Intercentros, que contribúe á celebración do Día das Letras Galegas, dedicado este ano a Ramón Piñeiro López.

Nós, o CPI do Feal, que fomos este ano o centro organizador do Certame, queremos agradecer a todos os nosos alumnos e alumnas, así como ao profesorado implicado a súa participación e axuda.



Todo o alumnado de Infantil e Primaria que participou nas modalidades de murais, conto ilustrado e cómic recibiu un premio polos seus traballos, que estiveron expostos na praza circular do centro comercial Dolce Vita desde o día 29 de abril ata o día 19 de maio.



Podía participar tamén, na modalidade de expresión oral, o alumnado de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato. Nesta modalidade conseguiron premio estes alumnos do noso Centro:

Os alumnos de 6º A de Primaria, pola súa participación na opción de teatro coa obra "O señor Piñeiro".

S DO CONCELO DE NARÓN

Andrea, Tatiana e Angel, alumnos de 2ª ESO pola súa participación na opción de teatro coa obra "Un caso verídico".

Adrián España e Bruno Fernández, alumnos de 3º ESO, pola súa participación na opción de canción, titulada "Amar pode matar".

O alumnado de ESO e Bacharelato podía participar en expresión escrita nas modalidades de narrativa, poesía, cómic, teatro e reportaxe radiofónica e xornalística. Nesta modalidade o alumnado de As Telleiras conseguiu a maioría dos premios. No noso Centro resultou premiada Rocío Soler, alumna de 4º ESO pola súa poesía titulada "Nos teus ollos sumerxida".

Tamén houbo premio para os autores do cartel anunciador:
1º premio para Marina Laura Filgueira Martínez de 6º de Primaria.
2º premio para Desireé Calderón Lourido de 4º ESO.
3º premio para Marco Rodríguez Ocampo de 1º ESO.

Felicítamos a todos os premiados e dámoslles as grazas a todos os participantes.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DO CPI DO FEAL



<http://centros.edu.xunta.es/cpidofeal>

Como ben sabedes, o CPI do Feal ten unha páxina web que vén de cumprir dous anos, e que sempre trata de estar á última e dar acollida a todos os asuntos que suceden no centro ou que afectan á súa comunidade educativa.

No segundo trimestre inauguramos unha sección nova, dedicada aos alumnos, chamada FALADOIRO. Pretendemos que sexa un lugar de encontro, de intercambio de ideas, recomendacións, etc. Para activar este apartado instalamos dous buzóns: o de San Valentín, e o do seu antagonista, o demo Valentín.

A idea desta temática xurdiu con motivo do 14 de febreiro. Comezamos por colocar na páxina central da web un pequeno artigo recordando a orixe da tradición de San Valentín e reivindicando o sentimento amoroso, fronte ao afán consumista no que se ten convertido na nosa sociedade. Para iso establecemos varios apartados:

a. Nunha enquisa recollemos frases de amor en distintas linguas e de distintos ámbitos da vida social. Castelao foi o vencedor, con 14 votos. Unha cita da obra teatral Os vellos non deben de namorarse foi a preferida polos votantes do Feal:

*Dáme alento das túas palabras,
dáme celme do teu corazón,
dáme lume das túas miradas,
dáme vida co teu doce amor.*

b. No noso afán por dar a palabra aos alumnos, abrimos o buzón de San Valentín, onde podían deixar a súa frase ou mensaxe de cariño. Tivemos bastante participación. Aquí tedes a mostra:

“A amizade é necesaria na vida, porque aporta enerxía e confianza! Rapazas, grazas por estar aí, ao meu lado sempre. Quérovos.” (Rubia)

*- Ai, meu amigo
anda o vento rifando comigo.
-Ai, miña amada,
non é o vento,
que son eu quen che fala.*

(Marco Rodríguez, 1º A - ESO)





c. Un terceiro apartado neste tema foi a creación da rockola do amor, onde distintas persoas da comunidade educativa fixeron peticións musicais sobre o tema. Dende Serrat, Edith Piaf, María Calles, ... a voz amorosa inundou a nosa web.

Semanas despois artellamos o contraataque. O artigo *Todos son contos* inauguraba o tema do desamor. Seguimos unha mecánica similar para tratar este aspecto. Ilustramos o artigo central con varias citas:

*Décheme un caraveliño
que gardeí no corazón.
¡Negro caravel maldito,
que me fireu de dolor!
Mais a pasar polo río,
¡o caravel afondou!...
Tan bo camiño ti leves
como o caravel levou.*

Rosalía de Castro
Cantares gallegos

Tamén abrimos un buzón para os alumnos. Nela encontramos mensaxes como estas:

“Porque o amor cando non morre, mata. Porque amores que matan nunca morren.”
(Asier, 1º B - ESO)

“Non é máis grande quen máis ocupa, senón quen deixa máis baleiro cando marcha.”
(Germán, 1º B - ESO)

A nosa rockola do desengano tivo moito éxito. Chegaron peticións de temas de diferentes estilos: Amparanoia, Malú, Scorpions, Soraya, Luz,... todos eles regaláronnos letras de desgarrado, de dor. Tanto os buzóns como as rockolas seguen abertos, por si alguén quere engadir mensaxes ou peticións musicais.

Outro recuncho da páxina que está pensado para a participación dos alumnos é o FORO DE LECTURA, colocado na sección da biblioteca. Trataremos de que deixedes as opinións sobre as lecturas que se fan nos distintos niveis e linguas. Esperamos a participación.

E habería máis recunchos dos que falar: o campionato de fútbol de Primaria, o libro de visitas, en fin... que o mellor é que navegedes un pouquiño pola páxina do cole e descubrades eses interesantes recunchos nos que todos podemos colaborar.

UNHA CHARLA CON RUBÉN GOLPE

O día 27 de outubro, Rubén Golpe Rodríguez, que foi alumno de Nieves (a profesora de PT de Secundaria), veu ao Feal para contarnos as súas vivencias como persoa xordomuda.



Díxonos que cando tiña dous anos os seus pais déronse conta de que era un neno xordo e escolarizárono no colexio de E. E. Carmen Polo; pero pronto pasou para o colexio de Pazos porque alí podía ter o apoio dun profesor logopeda. En Pazos rematou Rubén a EXB.

Cursou bacharelato no Instituto Marqués de Suanes de Ferrol e, despois de aprobar a selectividade, matriculouse na Universidade da Coruña e alí rematou a carreira de Educador Infantil.

Rubén ten hoxe as titulacións de Educador Infantil e a de Educador Social. Traballou como voluntario do Servizo de Acompañamento e Comunicación de Xordocegos, e tamén como intérprete

nos informativos da TV local. Hoxe traballa de Educador Social na Federación de Asociacións para Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).

Foron moitas as dificultades que tivo que superar Rubén pero díxonos que contou sempre co apoio dos seus pais e coa axuda de moitos compañeiros e profesores. Para nós foi moi interesante todo o que nos contou. Fixémoslle moitas preguntas e estas son algunhas das nosas conclusións:

-"Admiro a Rubén por ser como é, demostrounos que a súa incapacidade non lle impediu conseguir o que pretendía".

-"Rubén demostrounos que todos podemos conseguir o que queremos, só temos que esforzarnos".

-"Gustárame ter o interese que ten Rubén por aprender cousas e estudar moito para facer unha carreira".

-"Rubén é un mozo moi positivo que loitou para superar as dificultades coas que se atopou, sen desanimarse nunca".

-"Rubén comunicounos que nada é imposible nesta vida; todos podemos se nos esforzamos e buscamos a axuda nos demais".

ALUMNOS DE 2º B - ESO



Rematan Primaria



Rematan Secundaria



Rematan Secundaria



Rematan PCPI

RESCUE IN THE BIG DIPPER

In the amusement park...

Whoo.....!!!
Aaahhhh!!!

Hey! That is cool!
Let's get on!

O.K.

Stop! Look
at there!

Don't
get on!

Here we go!!!!

Don't
worry. I'll manage to
save them.

Diego,
help! They are in
danger!

It's
my time!

What's
going on?

Thank
you

You
are welcome

We
manage to fix the
Big Dipper.
Come on!

Thank
you for your help. We look
forward to see you again.

I'll
hope so!
See you!

the
end